



## Concello de Sarria

### DECRETO DE DON CLAUDIO M. GARRIDO MARTÍNEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE SARRIA.

Vista a proposta de bases da Concellería de Educación, Festas, Muller, Xuventude e Integración con data 8 de novembro de 2021, para a organización da XIV edición do concurso de tapas Tapicheo 2021.

#### RESOLVO:

**Primeiro.-** Aprobar as bases de participación para a XIV edición do Concurso de Tapas Tapicheo 2021 que se expoñen a continuación:

#### I. REQUISITOS PARA PARTICIPACIÓN NA XIV EDICIÓN DO TAPICHEO 2021.

1. Poderán participar todos os establecementos de hostalería do Concello de Sarria.
2. Só se aceptarán as fichas de inscrición rexistradas a partir do día posterior á publicación das bases na sede electrónica do Concello de Sarria, e durante os seguintes cinco días hábiles ata ás 14:00h do último día.
3. Para realizar a inscrición será obrigatorio realizar previamente o pago dunha **cota de inscrición de 30€**. Esta poderase efectuar mediante ingreso ou transferencia bancaria no número de conta que se indica a continuación:

ABANCA ES43 2080 0143 3631 1000 0018

Deberáse reflexar no concepto do ingreso a palabra “Tapicheo” seguida do nome do establecemento participante.

Ademais realizárase un **pago de outros 30€** para o pago **da viaxe que se sorteará entre os clientes que participen realizando o percorrido completo**. Este pago efectuarase na axencia Viaxes Ecuador de Sarria, sita na Rúa Diego Pazos, 32.

4. A inscrición formalizarase a través do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos do Concello de Sarria, en horario de 9:00h a 14:00h, ou a través da Sede Electrónica do Concello de Sarria, mediante a ficha oficial de inscrición debidamente cuberta (anexo I) e achegando os xustificantes de pago de 30€ cada un (60€ en total), segundo o antedito no punto 3.

5. O nome da tapa indicárase no impreso de inscrición en letras maiúsculas e de forma lexible.

6. Non se poderán repetir tapas dos anos anteriores.

7. O tamaño das propostas responderán ao concepto de tapa, non racións nin medias racións.


8. Non serán válidas para o concurso as tapas que habitualmente se sirvan de balde nos locais, aínda que se realizaran pequenas modificacións das mesmas.

#### II. MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN

Cada establecemento inscrito elaborará unha tapa especial para o concurso a cal non poderá ser cambiada durante o transcurso do mesmo.

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 6H7GCGZTR9EDHCHYZGSSTTQKWS | Corrección: https://sarria.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6



## Concello de Sarria

---

Ademais poderase realizar unha tapa infantil, esta categoría non entraría no concurso e faríase de forma opcional.

### III. FASES DO CONCURSO

**A) Data de inscrición:** O prazo de inscrición comezará a partir do día seguinte á publicación das bases na Sede Electrónica do Concello de Sarria, cunha duración de cinco días hábiles, ata ás 14:00h do último día de presentación de inscricións.

**B) Lugar de inscrición:** A través do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos do Concello de Sarria, en horario de 9:00h a 14:00h, e a través da Sede Electrónica, previo pago das cotas. As bases do concurso e a ficha de inscrición, poderanse descargar na Sede Electrónica e na páxina web oficial do Concello de Sarria: [www.sarria.es](http://www.sarria.es)

**C) Aceptación das bases:** Tódolos participantes no concurso, polo simple feito de participar, aceptan as bases desta promoción e as normas que rexen a súa participación.

**D) Duración e horarios do concurso:** O concurso desenvolverase no caso de que haxa un mínimo de 15 locais inscritos; se non se cumpriese este mínimo o concurso podería ser cancelado.

As datas do concurso quedarán fixadas en función do número de establecementos participantes da maneira que se detalla a continuación:

**Os días 3, 4, 5 e 6 de decembro de 2021** no caso de que haxa **entre 15 e 19 establecementos inscritos.**

**Os días 3, 4, 5, 6 e 7 de decembro de 2021** no caso de que haxa **entre 20 e 24 establecementos inscritos.**

**Os días 3, 4, 5, 6, 7 e 8 de decembro de 2021** no caso de que haxa **25 ou máis establecementos inscritos.**

**O horario mínimo obrigatorio é de 20:00h a 23:00h.**

**E) Prezo das tapas e material da promoción.**

O prezo das tapas estará comprendido **entre 1€ e 3€.**

Entregaráselle a cada establecemento un cartel co cal quedará claramente identificado como participante do XIV concurso de tapas Tapicheo '21, unha urna e tarxetas de votación para que os clientes poidan emitir o seu voto. Todo o material promocional do concurso que se entrega, así como a urna para as votacións, terá que estar colocado nun lugar visible do establecemento e accesible para os clientes.

**F) Recollida de urnas e reconto de votos:** A data límite para deposita-los votos serán as 23:59h do día 8 de decembro de 2021. Unha vez finalizado o concurso procederase á recollida das urnas nos días posteriores. Do reconto dos votos do xurado popular, validamente emitidos polos consumidores, sairán seis finalistas que realizarán as tapas a semana seguinte á finalización do concurso para a degustación por parte do xurado profesional.

A degustación de tapas polo xurado profesional realizarase a semana seguinte á

---

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 6H7GCZC7R9EDHCYZGSS7TQKWS | Corrección: https://sarria.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6



## Concello de Sarria

---

finalizar o concurso unha vez efectuado o recuento de votos populares; o cal realizará a valoración e do resultado desta sairán os gañadores do concurso.

### IV. PREMIOS.

#### PREMIOS DO XIV TAPICHEO 2021

PRIMEIRO PREMIO

SEGUNDO PREMIO

TERCEIRO PREMIO

Os premios para os establecementos gañadores entregaranse durante a celebración da Cena de Hostalería da Comarca de Sarria, e consistirán nun trofeo acreditativo para cada un dos premiados.

### V. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN PARA OS CLIENTES

1. Só poderán participar aquelas persoas que sexan maiores de idade, que consuman as tapas e que as valoren a través da correspondente tarxeta de votación.

2. As tarxetas de votación poderanse recoller nos establecementos participantes.

3. Os establecementos participantes estarán distribuídos en cinco rotas diferenciadas coas súas correspondentes cores, debidamente diferenciadas nas tarxetas votación.

4. Os establecementos selarán a tarxeta dos clientes que así o desexen cando consuman unha tapa.

5. Para poder participar na votación, os clientes teñen que ter seladas as súas tarxetas como mínimo, por **dous establecementos de cada rota ou cor, dez en total, no caso de que participen entre 15 e 19 establecementos**; e como mínimo **por tres establecementos de cada rota ou cor, quince en total, no caso de que participen 20 ou mais establecementos**.

6. Só serán válidas as tarxetas de votación debidamente cumprimentadas cos datos solicitados, atendendo ao requisito exposto no punto anterior.

7. Cada cliente participante valorará a cinco establecementos, coa puntuación especificada na tarxeta tal e como se explica na mesma. Do recuento de votos sairán seis finalistas.

8. As tarxetas de votación poderanse introducir nas urnas que se atoparán nos locais participantes, ata as 23:59h do 8 de decembro de 2021.

### VI. PERÍODO DA PROMOCIÓN

Durante o transcurso do XIV concurso de tapas Tapicheo 2021, que se desenvolverá durante as seguintes datas dependendo do numero de establecementos inscritos:

Os días 3, 4, 5 e 6 de decembro de 2021 no caso de que haxa entre 15 e 19 establecementos inscritos.

---

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 6H7GCCZTR9EDHCHCYZGSSTTQKWS | Corrección: https://sarria.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 6



## Concello de Sarria

---

Os días 3, 4, 5, 6 e 7 de decembro de 2021 no caso de que haxa entre 20 e 24 establecementos inscritos.

Os días 3, 4, 5, 6 e 7 e 8 de decembro de 2021 no caso de que haxa 25 ou máis establecementos inscritos.

### VII. PREMIOS PARA OS CLIENTES PARTICIPANTES

Os establecementos participantes no XIV concurso de tapas Tapicheo 2021 ofrecerán premios para os clientes que participen na votación da categoría de xurado popular.

Para entrar no sorteo de ditos premios consistentes en ceas, lotes de botellas de viño e licores e tarxeta de regalo de viaxe, ou análogos, será obrigatorio ter a tarxeta de votación debidamente cumprimentada e selada como mínimo por **dous establecementos de cada rota ou cor, 10 en total, no caso de que participen entre 15 e 19 establecementos**; e como mínimo **por tres establecementos de cada rota ou cor, 15 en total, no caso de que participen 20 ou mais establecementos**.

Para entrar no sorteo dun bono regalo válido por unha viaxe por cortesía dos establecementos participantes, será obrigatorio que a tarxeta de votación estea debidamente cumprimentada e **selada por tódolos establecementos participantes no concurso**.

### VIII. SORTEO

Unha vez finalizado o concurso e feito o reconto das votacións, realizarase o sorteo dos premios para os clientes participantes no salón de plenos do Concello de Sarria.

A data do sorteo publicarase con anterioridade na páxina web e /ou nas redes sociais do Concello de Sarria.

Tódalas tarxetas de votación debidamente cumprimentadas e seladas por tódolos establecementos participantes depositaranse nunha urna. Da mesma extraerase unha tarxeta ao azar que será a premiada co bono regalo válido por unha viaxe por cortesía dos establecementos participantes. Lerase o contido do premio e, posteriormente, o nome que figure na tarxeta premiada.

A continuación, depositaranse na mesma urna tódalas tarxetas de votación que estean debidamente cumprimentadas e seladas co mínimo requirido.

Da urna extraeranse ao azar tantas tarxetas como premios existan. Lerase en primeiro lugar o contido do premio e a continuación o nome que figure na tarxeta que será o da persoa gañadora; isto repetirase ata asignar tódolos premios.

### IX. COMUNICACIÓN DOS GAÑADORES

Chamarase telefonicamente a cada un dos premiados para comunicarlles o premio obtido.

### X. OUTROS.

---

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 6H7GCZCTR9EDHCYZGSSTTQKWS | Corrección: https://sarria.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 6



## Concello de Sarria

---

**Debido á situación epidemiolóxica existente, as bases e o desenvolvemento deste XIV Concurso de Tapas Tapicheo'21, poderá sufrir variacións para respectar as medidas de seguridade dispostas polas autoridades sanitarias e cumprir coa normativa vixente.**

**Segundo.-** Publicar as bases de participación para a XIV edición do Concurso de Tapas Tapicheo 2021 no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica e na páxina web do Concello.

**En Sarria, a data da sinatura dixital ao marxe.**

Asdo. O Alcalde Claudio Melquiades Garrido Martínez.

## ANEXO I TAPICHEO '21

Apelidos e nome (do representante do bar):

DNI/NIE:


Teléfono de contacto:

Nome do establecemento:

---

**Concello de Sarria**

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 6H7GCZCTR9EDHCYZGSSTTQKWS | Corrección: <https://sarria.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6



## Concello de Sarria

---

Enderezo:

Enderezo electrónico:

Nome da tapa coa que participa no concurso:

Prezo da tapa coa que participa no concurso (entre 1€ e 3€):

Nome e prezo na categoría de Peque-Tapa (opcional):

No caso de que se peche algún día do concurso indicalo a continuación:

Autoriza a publicar a foto da tapa (*voluntario, marque cunha X en caso afirmativo*).   
Data límite para a entrega 25/11/21.

Indicar premio para clientes participantes (*Voluntario*):

### DOCUMENTACIÓN A APORTAR: XUSTIFICANTES DE PAGO DAS COTAS DE INSCRIPCIÓN (ver información nas bases do concurso)

O abaixo asinante

Don/Dona. ....  
.....solicita a súa inscrición como participante no XIV Concurso de Tapas Tapicheo'21, coñecendo e aceptando as bases que regulan o concurso.

En Sarria a.....de .....de 2021.

Asinado

De conformidade co disposto no Regulamento (UE)2019/679 de 27 de abril de (GDPR) e a Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro (LOPDGDD), o Concello de Sarria infórmaa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados a un ficheiro do que é responsable o Concello de Sarria, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación nos termos establecidos na lei indicada, comunicádollo a este Concello.

---

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 6H7GCZC7R9EDHCHYZGSS7TQKWS | Corrección: https://sarria.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6